

A ODISEA CERDIDO-ORTIGUEIRA PARA ESTUDAR NO INSTITUTO

Santiago Rodríguez Pérez

Estar aquí 36 anos despois de ter terminado COU e retornar a este centro para o encontro con antigos compañeiros e profesores prodúceme unha grande emoción.

Dicir algo diante de xente tan ilustrada non resulta fácil e prodúceme un pouco de receo. É por iso que, de antemán, pido desculpas polos fallos que poda ter.

Despois de ter cursado o Ensino Xeral Básico de Cerdido e o primeiro curso de BUP na Academia de D. Severino en Cedeira (adscrita ao Instituto Nacional de Bacharelato a Distancia), cheguei ao Instituto de Ortigueira en outubro de 1979. Un neno dunha aldea de catro casas, a 27 km, fillo de pais maiores, que se dedicaban á agricultura do minifundio.

Un neno tímido, cheo de medos, complexos e dúbidas, mais con moita curiosidade e desexo de aprender e poder saír daquela vida ancorada no Neolítico. Levantábame ás seis e media da madrugada e, despois do primeiro almorzo, poñía traxe de augas, bufanda, barra de cacao nos labios e casco e percorría 4 kms nunha Mobylette G.A.C. para chegar á casa de Pastor Díaz (pai da compañeira Rosa), que nos levaba xunto con outros dous nenos á estación de tren de Cerdido.

Tras participar en sesións académicas de mañá e tarde, e facer o camiño de volta, estaba de regreso na miña humilde morada ás dez da noite, cansado, con moita fame e con pouca vontade para facer os deberes e estudar despois da cea.

O período académico terminaba ás seis e media da tarde, a mesma hora en que pasaba o o autobús da liña regular Viveiro-Ferrol de El Ideal Gallego e que non nos daba tempo de alcanzar. O seguinte pasaba ás oito e media. Polo tanto, de seis e media a oito e media tiñamos dúas horas sen podermos facer nada máis que protexernos da chuvia e do frío na Confitería Victoria. Cantas horas perdidas (unhas 400). Menos mal que foi só durante un curso.

No ano 1979 as comunicacións eran do século XIX. Por iso, despois de tanto tempo, síntome na obriga de dar as grazas a todos os políticos que tanto se preocuparon pola comarca do Ortegal.

Bromas á parte, si quero agradecer o traballo dunha persoa que faleceu hai uns meses, Isabel Vilar, nai de Maribel Fernández. Aquela muller púxose en contacto coas familias de Moeche, Cerdido e Mera e realizou todas as xestións para que un autobús (bastante destartado, por certo. O número 102 da empresa Ideal Gallego, conducido por Porfirio) nos trouxese e nos levase. Grazas a esa iniciativa, os dous últimos anos podíamos levantarnos ás 7 e estar de volta na casa ás 8 da tarde. Que marabilla! Aquilo xa era outra cousa!!

Para aquel neno de aldea, chegar a un novo centro e ser alumno de profesores e profesoras de Salamanca, Zaragoza, León, Asturias, Coruña e Ferrol era como entrar nun edificio da ONU.

Aquí coñecín bons compañeiros e amigos como Bernardo, Lois e Isidro (con quen ao mediodía, despois de comer no bar do Instituto, ía á Sala de Xogos da Penela botar unhas partidas de billar e fútbolín). Afortunadamente, cos tres sigo mantendo contacto 36 anos despois.

Aquí recibín educación de excelentes profesores (non hai máis que ver a súa traxectoria profesional) e excelentes persoas. Creo que a maioría souberon motivarnos para aprender e conseguiron axudarnos a madurar. En calquera caso, fago especial mención

de catro que me marcaron moi positivamente e que fixeron que a día de hoxe siga tendo vontade de aprender e ir por puro pracer a clases de Arquitectura e Arte. Son: D. Xosé Ramón Iglesias, Dona Marisa Desentre, Dona Maite Hernández e D. David Saá.

Chegado este momento, quero agradecer infinitamente a miña nai todos os sacrificios que pasou. Aos seus 53 anos erguíase ás 6 para prepararme un almorzo sólido e traballaba de sol a sol nas tarefas agropecuarias, naquel rexime de economía de autoabastecemento e subsistencia. Por se fose pouco, antes e despois aínda se ocupaba dos labores domésticos.

Creo que é moi importante non perder as raíces (se as perde, a árbore seca, cae e pudre), por iso comparto publicamente estes recordos.